



PRECOLEXIACIÓN

Créase a figura de precolexiado/a para facilitar ao estudantado do último curso de Grao en Bioloxía o acceso a determinados servizos colexiais, así como a participación nas súas actividades.

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia pon en marcha a PRECOLEXIACIÓN como medio de incorporación e coñecemento á vida profesional e laboral, empezando así a apoiar a quen proximamente teñen o dereito e o deber de incorporarse como membros de pleno dereito ao noso Colexio.

Servizos ofrecidos:

A precolexiación inclúe boa parte dos servizos que se ofrecen aos/ás colexiados/as.

- Cursos organizados polo Colexio cos mesmos descontos que os colexiados.
- Acceso á todo o contido da páxina web do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.
- Acceso ás ofertas de emprego ou bolsas, cando non sexa requisito o título de Grao
- Asesoramento sobre saídas profesionais e orientación Laboral.
- Acceder aos beneficios dos convenios subscritos polo Colexio.
- Acceso ao Boletín Informativo en formato dixital.

Participación

Os precolexiados poderán participar na actividades do Colexio que determine a Xunta de Goberno.

Procedemento

Presencialmente ou mediante o formulario de colexiación dispoñible a web (só os datos obrigatorios marcados cun * e adxuntando o xustificante da matrícula no canto do título, o resto déixase en branco).

Taxas

A precolexiación no COBGA é gratuíta.

Duración da condición de precolexiado/a

A condición de precolexiado/a mantense desde que se aproba a solicitude ata o 30 de setembro de cada ano. Se nesa data non se puidese pasar á situación de colexiado/a por non finalizar a carreira, poderase prorrogar mentres se manteña a condición de estudante de Grao, previa achega do novo resguardo de matrícula. No momento de terminar os estudos pérdese a condición de precolexiado/a, e, para continuar a relación co COBGA, poderase solicitar o alto como/a colexiado/a, tendo dereito á exención do pago da cota de inscrición dentro do ano seguinte á data de finalización da carreira.